

VI RUTA NOCTURNA SAN ROQUIÑO

“A SANTA COMPAÑA NUNCA ABANDONA”

Venres 26 de Setembro de 2025 a partir das 21:30h.- Capela de San Roquiño de Tállara (Lousame)

A comisión de festas de San Roquiño de Tállara organizan o vindeiro venres, 26 de Setembro de 2025, a partir das 21:30h, nos arredores da Capela de San Roquiño, a VI Ruta Noctura. Esta é unha andaina teatralizada de carácter lúdico, na que o longo do seu percorrido se buscara sorprenden os participantes. Carece de motivación competitiva, polo que deberase respectar o ritmo imposto polo persoal da organización.

1. PARTICIPANTES

Todos os participantes declaran estar en perfecto estado físico e de saúde ó realizar a inscrición e no momento da proba. Deberán poñer en coñecemento da organización calquera incidencia médica que padezan (alerxias, atencións especiais...). A participación estará limitada a 600 persoas de calquera idade, sempre que poidan asumir as dificultades propias da actividade.

PULSEIRA IDENTIFICATIVA: a cada persoa seralle entregada unha pulseira identificativa que deberán levar posta en todo momento mentres estean realizando a proba.

2. CIRCUITO, DISTANCIA E HORARIO

A andaina realizarase sobre un circuíto de 6.000m. aprox. por camiños de monte con algún enlace por estradas asfaltadas e, aínda que presenta algúns desniveis, será apto para todas as persoas e idades. A saída da proba estará situada no campo da festa de San Roquiño as 21:30h. A andaina estará sinalizada e ademais contará con unha persoa da organización que fará de guía e que marcará o ritmo da marcha, facéndoa asumible para todos os participantes.

3. INSCRICIÓN E PREZOS

As inscricións deberan realizarse dende o 22/08/2025 ó 22/09/2025 a través do seguinte enlace,

[Enlace*](#)

*NON SE ADMITIRÁN INSCRICIÓNS FORA DO PRAZO ESTABLECIDO NIN POR OUTROS MEDIOS.

VI RUTA NOCTURNA SAN ROQUIÑO

“A SANTA COMPAÑA NUNCA ABANDONA”

- Tarifa adult@s: 10€
- Tarifa nen@s (≤12 anos): 8€

Este prezo, ademais da inscrición, tamén inclúe un agasallo conmemorativos da proba para todas aquelas persoas inscritas na andaina.

4. CANCELACIÓN E MODIFICACIÓNS

Nos casos de forza maior, alerta meteorolóxica laranxa ou cando non sexa posible a realización da mesma por calquera motivo xustificado, a proba será aprazada para outra data próxima, procedendo a avisar os/as participantes coa máxima antelación e dilixencia posible. A organización da proba reservase o dereito a modificar o presente regulamento, os horarios e percorridos, se así o estima oportuno

5. SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL

A proba contará con un seguro de responsabilidade civil e tamén de accidentes que terá as coberturas mínimas esixidas pola lexislación vixente. Quedarán excluídos os casos derivados dun padecemento latente, imprudencia ou incumprimento das leis, da normativa da andaina, etc.

6. OBSERVACIÓNS:

Recomendase levar roupa e calzado axeitado para a práctica deportiva. As persoas participantes terán permitido o uso de lanternas ou dispositivos similares.

Todos os participantes na proba, polo mero feito de realizar a inscrición na mesma, aceptan todas e cada unha das regras do presente regulamento e no caso de dúbida, sempre prevalecerá o criterio da Organización.

As persoas participantes autorizan e aceptan a publicación do seu nome e apelidos, así como as súas posibles imaxes, nos documentos xerados para a xestión da actividade, listaxes de participantes, medios de comunicación e redes sociais coa única finalidade de promocionar esta actividade.

Asociación Cultural San Roquiño de Tállara